



CONVOCATORIA DE BOLSAS DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA – BOLSAS COMEDOR Curso 2019/2020

Coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidade das familias con rendas baixas, a Universidade da Coruña (UDC) publica esta convocatoria de **bolsas propias de comedor para o estudantado matriculado no curso** académico 2019/2020.

Concederáse un total de 200 bolsas cun importe de 500€ cada unha, que se aboará nun único pagamento.

A dotación total destas bolsas será de cen mil euros (100.000€) que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 0300.0308.38 422D 480.00. O dito importe poderá ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

1. Requisitos das persoas solicitantes

Todas as persoas solicitantes destas bolsas deberán estar matriculadas na UDC en estudos oficiais de grao ou máster a tempo completo, no réxime presencial, e cumprir cando menos un dos seguintes requisitos:

- a) Estar aloxadas nunha residencia universitaria da UDC, no marco da convocatoria de prazas para o estudantado da UDC nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol e A Coruña, no curso 2019/2020, convocadas por Resolución Reitoral do 20.06.2019, publicada no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) o 21.06.2019, e estar ao corrente no pagamento dos recibos.
- b) Ter concedida unha axuda da convocatoria da UDC para o estudantado en situacións de dificultades económicas, no curso 2019-2020, cando se resolva esta convocatoria.

As persoas solicitantes non poderán gozar ao mesmo tempo doutra axuda ou bolsa destinada ao mesmo fin de calquera administración ou entidade pública ou privada.

Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a condición de residentes, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

2. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes deberán presentarse de forma telemática a través do formulario a que se accede na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/gl/sape/bolsas_axudas_premios/Bolsas-comedor-formulario

O prazo de solicitude estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC até as 23:59h do día 31 de maio de 2020.

3. Avaliación das solicitudes

Con carácter xeral, as bolsas adxudicaranse de acordo coa media do expediente académico das persoas solicitantes, aproximada con catro decimais. No caso do estudantado que accedese por primeira vez aos estudos universitarios, considerarase a súa nota de acceso.



Terase en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15 de setembro de 2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG n.º 188, do 30 de setembro de 2011) ao remate do curso 2017/2018.

Aplicaranse os seguintes coeficientes correctores para o alumnado de máster e para o alumnado que curse segundo, terceiro o cuarto de grao: 1,17 cando a rama da titulación de acceso ao máster sexa enxeñería e arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación de acceso sexa ciencias e 1,05 se a rama é ciencias da saúde.

No caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios: menor número de suspensos; se o empate persiste, maior número de matriculas de honra; e se o empate aínda persiste, maior número de sobresalientes.

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes, que se reunirá como mínimo tres veces no curso académico, en decembro, abril e xuño, estará composta polas seguintes persoas:

- a) Margarita Amor López, vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, presidenta
- b) Susana Iglesias Antelo, representante do profesorado na Comisión de Selección de bolseiros do Ministerio de Educación e Formación Profesional, vogal
- c) María Eugenia Amado Vázquez, representante do profesorado na Comisión de Selección de bolseiros do Ministerio de Educación e Formación Profesional, vogal
- d) Martín Rey Furelos, representante dos estudantes, vogal
- e) Rosa Rodríguez Díaz, xefa do Negociado de Bolsas da UDC, secretaria.

4. Resolución da convocatoria

Unha vez avaliadas as solicitudes pola Comisión de Selección, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC unha listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, xunto coa correspondente listaxe de agarda, se a houber.

Así mesmo, abrirase un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, para presentar reclamacións.

Logo de se examinar as reclamacións presentadas, de ser o caso, publicarase no mesmo lugar a listaxe definitiva das persoas admitidas, a resolución de adxudicación das bolsas e a listaxe de agarda, se a houber.

As persoas adxudicatarias da bolsa deberán presentar a aceptación da bolsa asinada en:

- Rexistro Xeral da UDC (Reitoría, rúa Maestranza, 9)
- Rexistro Auxiliar da Coruña (sito no Campus da Zapateira - baixo da Facultade de Ciencias)
- Rexistro Auxiliar do Campus de Ferrol (Edificio Apoio ao Estudo-Campus Esteiro)

Ademais, dentro do prazo indicado, as persoas adxudicatarias deberán solicitar a alta da súa conta bancaria onde desexen que se realicen os ingresos pertinentes a través da Sede Electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) seleccionando nos trámites de xestión económica o de "alta/baixa/modificación terceiros". Poden acceder directamente desde a ligazón: https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/start. Durante o proceso deberán achegar un documento xustificativo do número de conta para a alta e outro arquivo con copia do seu documento de identificación.



No caso de renuncia das persoas beneficiarias, ou de se lles revogar a estas a bolsa outorgada polas causas indicadas no punto 5 desta convocatoria, o Servizo de Estudantes porase en contacto coas persoas que figuren na listaxe de agarda, se a houber, por medio de correo electrónico á conta da UDC indicada na solicitude, con xustificante de recepción.

As persoas da listaxe de agarda ás cales se lles comunique a concesión dunha bolsa de comedor disporán dun prazo de tres días hábiles para aceptala, tamén mediante correo electrónico. De non se obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncian á bolsa.

5. Perda do dereito á bolsa concedida

De se ter coñecemento de que a persoa beneficiaria goza doutra bolsa ou axuda de calquera administración ou entidade pública ou privada destinada ao mesmo fin, será revogada e terá que devolver a cantidade percibida.

Entenderase que a bolsa non se destinou á súa finalidade se as persoas adxudicatarias anulan ou suspenden a súa matrícula, ou ben modifican a súa matrícula de tal xeito que deixen de estar matriculadas a tempo completo.

6. Pagamento

Unha vez resolta a convocatoria, o pagamento das bolsas farase mediante transferencia bancaria á conta que sinalasen as persoas beneficiarias na súa solicitude, da cal deberán ser titular ou cotitular. Aboarase nun pagamento único polo importe de 500€

7. Réxime xurídico da convocatoria

Para todo o que non estea previsto nestas bases será de aplicación supletoria o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia (DOG n.º 21, do 25 de xuño de 2007), e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro do 2009).

As bolsas obxecto desta convocatoria estarán exentas do IRPF nos termos previstos polo artigo 7.i) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto da renda das persoas físicas (BOE n.º 285, do 29 de novembro de 2006), e o artigo 2 do seu regulamento (Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, BOE n.º 78, do 31 de marzo de 2007).

Aplicarase así mesmo como lexislación supletoria:

- Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas (BOE n.º 15, do 17 de xaneiro de 2008).
- Real Decreto 430/2019 do 12 de xullo, polo que se establecen os límites da renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2019-2020 (BOE núm. 167 do 13 de xullo).
- Resolución da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2019-2020 para estudantes que cursen estudos postobrigatorios (Extracto resolución BOE núm. 182 do 29 de xullo).

Facúltase a Comisión de Selección para interpretar todas aquelas circunstancias que poidan concorrer e non queden reflectidas nesta convocatoria.



8. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RXPd), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude dunha bolsa de comedor, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

Igualmente poden presentar a súa reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A Coruña, 15 de novembro de 2019

O reitor

Julio E. Abalde Alonso